

I.E.S. DE CARRAL

**CONCRECIÓN ANUAL DO
PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
CURSO 2021/2022**



INDICE

CONTEXTO	3
1. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.	3
2. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN.	4
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	4
I. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	5
I.1. PROCESO XERAL DE IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES:	5
I.2. ALUMNADO OBXECTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA:	6
I.3. ALUMNADO CON NEAE IDENTIFICADO POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:	7
II. OBXECTIVOS	8
III. ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
III.1. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS. CRITERIOS DE APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.	9
III.1.1. CRITERIOS XERAIS	9
III.1.2. MEDIDAS XERAIS.....	10
III.1.3. MEDIDAS ESPECÍFICAS	10
<i>III.1.3.1. Adecuación das programacións</i>	10
<i>III.1.3.2. Reforzo educativo</i>	11
<i>III.1.3.3. Aula de convivencia</i>	12
<i>III.1.3.4. Exención da segunda lingua estranxeira</i>	13
<i>III.1.3.5. As adaptacións curriculares individualizadas</i>	13
<i>III.1.3.6. Apoio da especialista en pedagogía terapéutica</i>	16
<i>III.1.3.7. Agrupamento específico</i>	16
<i>III.1.3.7. Grupo de adquisición de linguas</i>	19
III.2. FUNCIÓNS E ACTUACIÓN DOS DIFERENTES PROFESIONAIS NAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	20
III.3. DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	22
IV. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN	24
IV.1. INTERNOS.....	24
IV.2. CO CENTRO ADSCRITO	24
IV.3. COS SERVIZOS EXTERNOS	24
IV.4. COS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO	25
IV.5. ADAPTACIÓN AO SUPOSTO DE ENSINO A DISTANCIA	25
V. AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	25
V.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES	26
VI. PROTOCOLOS	27
VI.1. SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	28
VI.2. AUTORIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.....	30
VI.3. SOLICITUDE DA FAMILIA PARA A REALIZACIÓN DUNHA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.....	32
VI.4. AUTORIZACIÓN DA FAMILIA DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	33
VI.5. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN ÓS SERVIZOS DE SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL	34

CONTEXTO

1. Fundamentación legal.

Este plan elabórase tendo en conta o disposto no *Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado*, a *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais*, o *Decreto 120/1998 do 23 de abril que regula a orientación educativa e profesional e a Orde do 24 de xullo de 1998 que establece a súa organización e funcionamento*.

Terase en conta tamén o disposto na lexislación que regula a avaliación psicopedagóxica, as adaptacións do currículo, a atención do alumnado procedente do estranxeiro, etc. Igualmente, terase en conta o establecido no decreto 86/2015 que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, así como as normas que os desenvolven.

Tamén se terá en conta o disposto na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria no curso académico 2021/22, no seu punto 5 establece que os departamentos de orientación reforzarán as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a súa atención e as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. A Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos



centros educativos como consecuencia da COVID-19, no punto Cuarto.6 establece as funcións do orientador en relación ao cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade nos supostos de ensino a distancia.

2. Principios de actuación.

Os principios de actuación nos que se fundamenta este plan son:

1. Prevención: as accións encamiñaranse á realización dunha actividade preventiva dos problemas e dificultades do alumnado, sen limitarse a intervir cando xa o problema foi detectado.
2. Identificación temperá
3. Normalización e inclusión.

3. Características do centro

O IES de Carral constitúe, xunto ó CEIP Vicente Otrero Valcárcel e o CEIP de Tabeaio, a oferta educativa regrada no concello de Carral e é o único centro que imparte educación secundaria no concello. Actualmente, os nosos alumnos proveñen do antigo CEIP Vicente Otero Valcárcel e, nunha porcentaxe moi pequena, doutros centros ou por incorporación tardía.

Aínda que existe, en xeral, certa homoxeneidade en canto á procedencia sociocultural e ás características socioeconómicas do noso alumnado, a presenza de alumnado procedente do estranxeiro, así como de alumnos de etnia xitana, introduce unha diversidade que debe ser tida en conta debido ás necesidades educativas que moitos deses alumnos presentan.

O centro conta cun especialista en pedagogía terapéutica e un aula de apoio, así como con outras aulas pequenas que permiten atender desdobres e optativas. Unha

das aulas emprégase como aula de convivencia habitualmente; sen embargo as necesidades organizativas do centro derivadas da situación creada pola COVID-19, fan que a dispoñibilidade de aulas estea moi condicionada pola esixencia de manter a distancia social, polo que a aula de convivencia non funciona dende o curso 20/21.

I. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

I.1. Proceso xeral de identificación das necesidades:

Seguindo os principios de prevención e identificación temperá, tomaranse as seguintes medidas xerais de identificación das necesidades dos alumnos:

- a) Coordinación co departamento de orientación do centro adscrito para recabar a información sobre os alumnos que promocionen a 1º de ESO.
- b) Avaliación inicial: de acordo co previsto no calendario de avaliacións, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado. Na sesión de avaliación inicial acordaranse as medidas en función dos resultados.
- c) Colaboración do departamento de orientación na avaliación inicial: o departamento de orientación colaborará co profesorado tutor de 1º na recollida de datos dos novos alumnos e aportará a información sobre todo o alumnado aos titores e aos equipos docentes de todos os grupos.
- d) As restantes sesións de avaliación do curso constitúen ocasións para revisar as medidas adoptadas e considerar as necesidades non detectadas previamente.
- e) As reunións programadas do xefe do departamento de orientación cos titores dos grupos permitirán revisar a marcha dos alumnos.
- f) Seguindo o protocolo establecido (Protocolo VI.1) e o procedemento de demanda de intervención os titores poderán demandar a intervención do departamento de orientación cando aprecien necesidades non cubertas nun alumno.

I.2. Alumnado obxecto de atención específica:

De acordo co establecido na Lei Orgánica 2/2006 de Educación e no Decreto 86/2015, será obxecto de atención específica o **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE)**, que requiera unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:

- Necesidades educativas especiais (NEE) derivadas de:
 - Discapacidade intelectual
 - Discapacidade motórica
 - Discapacidade sensorial
 - Trastornos do espectro autista (TEA)
 - Trastornos graves de conduta

- TDAH. Con déficit de atención ou con déficit de atención e hiperactividade

- Dificultades específicas de aprendizaxe:
 - Trastorno da lectura
 - Trastorno da escritura
 - Trastorno do cálculo
 - Con outros trastornos

- Altas capacidades intelectuais

- Incorporación tardía ao sistema educativo

- Alumnos con especiais condicións persoais (ECP) ou de historia escolar derivadas de:
 - Dificultades psicolingüísticas

- Pertencente a minorías étnicas
- Condicións desfavorecidas
- Ambientes marxinais
- Outras condicións: calquera alumnado que nun momento dado requira unha atención específica por circunstancias que teñan que ver coa súa historia persoal, escolar ou socio-familiar.

Anualmente o xefe do departamento de orientación recollerá o alumnado valorado e incluído dentro das distintas categorías, que quedará reflexado no plan anual de atención á diversidade e no DRDADI.

I.3. Alumnado con NEAE identificado polo departamento de orientación:

As necesidades existentes neste momento son as seguintes (quen presenta máis dun problema, inclúense so por un deles):

TOTAL ALUMNOS/AS NEAE	CURSO			
	1º	2º	3º	4º
36				
Os alumnos que presentan DA + TDAH figuran no apartado de DA ou no de TDAH exclusivamente				
Dificultades de aprendizaxe	4	6	8	3
TDAH	2		2	1
Especiais condicións persoais ou de historia escolar	1	1	2	
Incorporación tardía	1	2		
Altas capacidades		1		
NEE D. intelectual	1			
NEE TEA			1	

Como pode verse, o que predomina son as dificultades de aprendizaxe, no que se inclúen tanto alumnos con dificultades de aprendizaxe da lectura, escritura e o cálculo, como os que presentan un ritmo de aprendizaxe lento; por outra parte os alumnos/as

con TDAH presentan, en xeral, dificultades de aprendizaxe tamén e constitúen o segundo grupo máis numeroso (inclúense alumnos/as que está previsto que reciban, en principio medidas de carácter ordinario, e que poden revisarse). O alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo, aínda que pouco numeroso, debido tanto ao desfase curricular como ao descoñecemento das linguas, presenta unhas demandas moi importantes: incorpórase ás medidas de atención á diversidade previstas no centro, que se complementan, de ser posible, coa formación de grupos de adquisición de linguas (Circular 8/2009).

II. OBXECTIVOS

Tendo en conta os datos, no presente curso se establecen os seguintes obxectivos xerais:

1. Contribuír ao logro dos obxectivos xerais do Centro establecidos no P.E.C., respostando á diversidade do alumnado e concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
2. Revisión e/ou modificación das medidas de atención á diversidade (reforzo, adaptacións curriculares, apoio, etc), incluíndo o referente á detección temperá, prevención e seguimento das necesidades educativas do alumnado.
3. Identificar de maneira rápida as necesidades do alumnado para prestarlle a atención que necesita e realizar unha labor preventiva de futuras dificultades.
4. Promover unha atención adecuada ás posibilidades de cada alumno/a e dar resposta ás necesidades do conxunto do alumnado do centro.

5. Establecer cauces de colaboración entre todos os implicados na atención de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

III. ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender ás necesidades do alumnado, o centro conta con medidas de tipo ordinario e extraordinario.

MAD ORDINARIAS	MAD EXTRAORDINARIAS
Adecuación das programacións ao contorno	Adaptacións curriculares individualizadas
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	Apoio do profesorado especialista de pedagogía terapéutica
Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación	Flexibilización da duración do periodo de escolarización
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos	Agrupamento específico
Programa de habilidades sociais	Grupo de adquisición de linguas
Exención da 2ª lingua estranxeira	
Programas de recuperación para alumnos con materias pendentes	
Programa de acollida dos novos alumnos	
Optatividade	

III.1. Criterios de organización e distribución dos recursos. Criterios de aplicación das medidas propostas.

III.1.1. Criterios xerais

- A atención á diversidade dos alumnos do centro constitúe un principio que inspira a planificación e desenvolvemento do ensino. Con esa finalidade as programacións didácticas contemplarán, de maneira equilibrada, todo o conxunto



de capacidades, competencias e contidos, de maneira que se garanta un desenvolvemento equilibrado das mesmas.

- A atención á diversidade compromete a todos o equipo docente do centro e non só aos profesionais con especialización en necesidades educativas específicas.
- Só se producirán intervencións directas especializadas cando a resposta educativa que precise o alumno/a con NEAE non se poida resolver con fórmulas máis normalizadas.

III.1.2. Medidas xerais

Consideramos a titoría dos alumnos unha medida que debe permitir o logro dos obxectivos de personalización e optimización da aprendizaxe dos alumnos.

III.1.3. Medidas específicas

III.1.3.1. Adecuación das programacións

Supón adaptar a actividade prevista nas programacións didácticas, ás situacións que presentan grupos concretos de alumnos. Poden consistir en:

- Priorizar obxectivos e actividades: os máis xerais e aplicables a maior número de situacións. Os necesarios para aprender outros contidos. Os de maior funcionalidade.
- Utilización de metodoloxías variadas: proxectos, traballo en equipo, técnicas grupais, etc.
- Formas diversas de agrupamento, en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.



- Flexibilización do tempo para a realización das tarefas e establecemento de momentos para a realización de actividades de libre elección.

III.1.3.2. Reforzo educativo

Poderanse modificar as secuencias de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos e tódolos aspectos contemplados dentro do ámbito da metodoloxía.

Tomarase a decisión de aplicar o reforzo, cando:

1º. As medidas xerais aplicadas na aula co resto dos compañeiros non desen resultado, e se considere que non é precisa unha adaptación significativa do curriculum, en función das seguintes variables:

- a) Que as capacidades do alumno/a permitan esperar que alcance os obxectivos da área ou áreas.
- b) Que o grao de retraso na área ou áreas do curriculum sexa inferior a un curso ou, cando sexa superior, se observe un progreso adecuado do alumno ó recibir atención individualizada
- c) O grao de adaptación ó centro.
- d) O interese e a motivación do alumno.

2º. Cando promocióne con avaliación negativa nalgũa materia.

3º. Cando se tome a decisión de que permaneza un ano máis nun curso, e se considere que non precisa adaptación curricular individualizada.

A decisión de que reciba reforzo educativo correspóndelle ó profesor da materia, e será recomendado na última sesión de avaliación para o alumnado ó que se refiren os puntos 2º e 3º .

As medidas de reforzo serán elaboradas polo profesor/a da materia, co coñecemento do titor/a do grupo, quen o comunicará ós pais do alumno.

Reflectirase no expediente académico e constará cun comentario no informe ás familias, de acordo coa orde de 6 de outubro de 1995 que regula as medidas de adaptación do curriculum.

Consideraranse medidas de reforzo as **adaptacións dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación**, e reflectiranse como tais no expediente do/a alumno/a.

III.1.3.2.2. Programas de reforzo do profesorado con dispoñibilidade horaria

En 1º de ESO funcionarán programas de reforzo nas áreas de Matemáticas e Lingua galega e literatura, en 2º na área de Matemáticas.

Estes programas estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas para o curso que corresponda

O alumnado que asista a eses reforzos estará exento de cursar a 2ª lingua estranxeira.

III.1.3.3. Aula de convivencia

Durante o curso 21/22, debido ás necesidades organizativas do centro derivadas da situación provocada pola COVID-19, non funcionará a aula de convivencia.

III.1.3.4. Exención da segunda lingua estranxeira

Para aqueles alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe, especialmente nas linguas, poderase autorizar a exención da segunda lingua en 1º e en 2º.

Esta medida será recomendada polo titor/a do curso anterior no que estivese escolarizado o alumno, mediante informe elaborado en colaboración co departamento de orientación.

Poderase solicitar unha avaliación psicopedagóxica das necesidades do alumno proposto.

Correspóndelle á dirección autorizar a exención, oídos os pais ou tutores legais do alumnado.

III.1.3.5. As adaptacións curriculares individualizadas

1. As adaptacións curriculares constitúen unha medida de carácter extraordinario de atención á diversidade, que supón a modificación dun ou máis dos elementos prescriptivos do curriculum (redución, supresión, axuste, ou ampliación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

1.2. Destinatarios/as: alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que precisan modificacións do curriculum, que permitan o logro dos obxectivos educativos.

1.3. Duración: faranse por 1 curso.

2. Criterios para a proposta do alumnado que deba recibir unha AC:

2.1. Como criterio xeral, proporase a elaboración dunha AC unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario (reforzo) ou, unha vez aplicadas, cando resulten insuficientes. Están excluídos os/as alumnos/as cuias necesidades educativas especiais fagan necesarias as modificacións que proceda no currículo.

2.2. Tendo en conta o punto anterior, poderá propoñerse a elaboración dunha adaptación curricular nos seguintes casos:

1. Alumnos con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

2. Alumnos que permaneceron un ano máis nun curso e, a pesar de recibir reforzo ou apoio, promocionan por imperativo legal cun desfase curricular superior a un curso ou que impida o seguimento das materias no novo curso.

3. Alumnos que pola súa condición de sobredotación intelectual, ou por posuir un talento específico nunha ou máis áreas ou materias, teñan acadados os obxectivos programados para o seu curso ou ciclo.

3. Proceso de elaboración:

1. Como norma xeral, a proposta de que un alumno reciba AC realizarase na última sesión de avaliación do curso e será recollida polo titor/a no informe de avaliación final.
2. Nos primeiros días do curso seguinte o orientador informará ó profesorado titor dos grupos onde se escolaricen alumnos/as propostos/as para AC.
3. Finalizado o periodo de avaliación inicial e a avaliación psicopedagóxica, realizarase unha reunión coordinada pola xefatura de estudos, coa asistencia do titor/a, os profesorado das áreas ou materias obxecto de adaptación, o profesor de apoio e o orientador. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación



curricular, as áreas que serán adaptadas, o currículo de referencia e as datas nas que o proceso debe estar rematado.

A decisión de elaborar a AC tomarase, preferentemente, antes de que remate a 3ª semana de outubro.

A reunión en que se tome a decisión definitiva poderá coincidir coa sesión de avaliación inicial.

4. Antes de iniciar o proceso de elaboración da AC, informárase ós pais/nais da necesidade da mesma, e recabarse a súa conformidade.
5. O deseño e desenvolvemento das AC é responsabilidade do profesorado da área ou materia, coa colaboración do departamento didáctico, o asesoramento do orientador, e do mestre de apoio.
6. Os datos obtidos na avaliación serán recollidos polo orientador no documento de AC, que se completará coa programación das áreas adaptadas.
7. Cando a elaboración da AC esté concluída, a proposta de adaptación curricular, recollida no documento de adaptación, será remitida pola dirección ó servizo de inspección para o seu informe
8. Cando un alumno/a sexa proposto para recibir AC unha vez iniciado o curso, seguirase o procedemento establecido nos puntos 3 a 7.

III.1.3.6 Apoio da especialista en pedagogía terapéutica

O apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica é unha medida extraordinaria de atención á diversidade.

Con carácter xeral, imparte docencia ós/ás alumnos/as escolarizados/as nos cursos 1º e 2º que presenten necesidades específicas de apoio educativo, logo da avaliación e informe psicopedagóxicos que o xustifiquen.

Como norma xeral, o alumnado que asista á aula de apoio estará exento da segunda lingua estranxeira e recibirá apoio nas horas correspondentes. Esta medida tomarase cando, logo da avaliación psicopedagóxica:

- Presente dificultades de aprendizaxe e teña repetido unha vez en calquera etapa.
- Sen ter repetido, presente dificultades específicas de aprendizaxe na lectura e/ou escritura
- Alumnado que se incorpore tardíamente ó sistema educativo con gran desfase curricular e/ou descoñecemento das linguas de ensino

A asistencia á aula de apoio sempre se realizará a tempo parcial.

O número máximo de alumnos/as que poderán asistir simultaneamente á aula de apoio é de 5.

III.1.3.7 Agrupamento específico

O AE é unha medida extraordinaria de atención á diversidade dirixida a apoiar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe en aquelas áreas curriculares que teñen un carácter instrumental (linguas, matemáticas) ou teñen un peso conceptual que fai precisa unha atención máis individualizada para garantir o progreso académico do alumno ou da alumna.



1. O número máximo de alumnos que poden incorporarse a un AE é de 15.

2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica realizará a proposta de áreas. Lingua e Matemáticas deben ter prioridade. Os departamentos didácticos elaborarán as programacións das áreas adaptadas, que se incluírán no proxecto curricular.

3. Proceso de inclusión dos alumnos:
 - Reunión convocada pola xefatura de estudos, co xefe do departamento de orientación e cos titores dos grupos, na que se seleccionarán ós alumnos.
 - Elaboración dun informe para cada alumno polo titor, en colaboración co departamento de orientación. O informe incluírá unha xustificación pormenorizada das razóns polas que a medida se considera a máis axeitada.
 - Os pais deberán ser informados polo titor do grupo.
 - Envío da proposta á inspección, sinalando alumnos e criterios de selección, horario, profesorado, e áreas curriculares cos seus programas e os criterios para a súa selección.
 - A selección definitiva dos alumnos debe estar feita antes do 30 de setembro.

3. O currículo das áreas do grupo terá como referencia os obxectivos do seu grupo, aínda que se poden incorporar contidos de cursos anteriores.

5. Dado que a medida ten carácter reversible, o equipo de profesores e o departamento de orientación deberán realizar un seguimento individualizado de cada alumno. A decisión de que un alumno ou unha alumna regrese ao seu grupo de referencia, tomarse na xunta de avaliación.

6. A participación no agrupamento específico constará no expediente do alumno como reforzo educativo.

Durante o curso 21/22 funcionará un Agrupamento Específico en 3º de ESO, formado por alumnos procedentes dos dous grupos do nivel, seleccionados de acordo cos seguintes criterios:

1. Criterios de selección: os alumnos seleccionaranse a partir dos seguintes criterios:

- a) Alumnos/as escolarizados en 3º de ESO.
- b) Alumnos/as que promocionan a 3º de ESO con áreas suspensas, que presentaron dificultades nos cursos anteriores, que supuxeron a súa promoción sen superar os obxectivos, ou a permanencia un ano máis nalgún dos cursos. Presentan, por tanto, unha historia escolar con dificultades.
- c) Alumno/as que permanecen un ano máis en 3º que precisan medidas de atención de xeito que a súa permanencia non sexa unha mera repetición.
- d) As necesidades de organización da atención á diversidade, fan que se incorporen ao agrupamento alumnos/as que asistiron á aula de apoio a tempo parcial e que estiveron exentos/as da segunda lingua estranxeira.

2. Áreas e horario de permanencia no agrupamento específico:

Os alumnos seleccionados permanecerán no agrupamento específico durante o tempo e nas áreas indicadas no seguinte cadro:

Areas	Horas
Lingua castelá e literatura	2
Física e química	2
Bioloxía e xeoloxía	2
Total	6

No resto das áreas permanecerán co seu grupo ordinario; igualmente permanecerán co seu grupo 1 hora de Lingua castelá. En todos os casos o profesorado do agrupamento será o mesmo que o que imparte docencia no grupo ordinario.

A selección das áreas baséase tanto en criterios organizativos, como nas dificultades observadas en cada área. Non incluímos a materia de Matemáticas xa que o alumnado pode optar por cursar Matemáticas aplicadas.

III.1.3.7 Grupo de adquisición de linguas

O grupo de adquisición de linguas é unha medida extraordinaria de atención á diversidade destinada ao alumnado que presente un descoñecemento das dúas linguas oficiais.

A permanencia neste grupo será dun trimestre, duración que poderá ser ampliada de xeito excepcional pola inspección.

O alumnado poderá proceder de distintos cursos da mesma etapa. Permanecerá no grupo ordinario nas materias de educación física, música, plástica e na hora de titoría e poderá estar nun grupo de adquisición de linguas ata 24 horas semanais.

O alumno incorporárase plenamente ao grupo ordinario cando a xunta de avaliación considere superadas as necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.

III.2. Funcións e actuacións dos diferentes profesionais nas medidas de atención á diversidade

	TITORES-PROFESORES	PT	ORIENTADOR
DETERMINAR MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN			Realizar a avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos/as que o precisen, e elaborar o ditame de escolarización.
DETECCIÓN DE NEAE	Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe dos alumnos para detectar as dificultades e as NEAE, dar as respostas educativas adecuadas e recabar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.	Axudar ó titor/a na detección de posibles necesidades especiais no seu grupo.	Asesorar e colaborar co profesorado na detección de dificultades. Realizar a avaliación psicopedagóxica e o informe correspondente.
ADAPTACIÓN CURRICULARES	Coordinar a intervención educativa dos alumnos/as que presenten NEAE Atender as dificultades máis xerais de aprendizaxe do alumnado, así como as súas necesidades educativas específicas, para proceder á adecuación do currículo. Elaborar en colaboración co departamento de orientación as ACIs	Colaborar co profesorado do alumno na elaboración da A.C.I. para os alumnos/as que o precisen, prevendo a organización de recursos, espazos e tempo. Colaboración co titor/a no establecemento da	Asesorar e colaborar na elaboración de adaptacións curriculares. Asesorar e colaborar na adecuación e flexibilidade de obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Asesorar e colaborar na toma de decisións



	TITORES-PROFESORES	PT	ORIENTADOR
		metodoloxía e avaliación a seguir cos alumnos/as con NEAE	metodolóxicas, organizativas e de avaliación.
INTERVENCIÓN DIRECTA	Atención individualizada do alumno/a, adecuando as actividades da aula ó seu ritmo de aprendizaxe	Atención directa a alumnos/as na forma que se determine.	
AVALIACIÓN COORDINACIÓN E SEGUIMENTO	<p>Coordinar cos demais profesores/as o axuste das programacións ó grupo de alumnos/as, especialmente no referente ás respostas educativas ante necesidades específicas.</p> <p>Avaliar en función dos criterios de avaliación establecidos na ACI</p> <p>Establecer un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos/as.</p>	<p>Avaliación en coordinación co titor/a.</p> <p>Coordinar os servizos dos profesionais que interveñen na atención do alumno/a con NEAE</p> <p>Colaborar co titor/a nas reunións e relacións coa familia .</p>	Asesorar e colaborar co profesorado no seguimento dos alumnos/as con NEAE
PREVENCIÓN	<p>Anticiparse ás dificultades máis xerais mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha programación de aula flexible que posibilite a atención á diversidade dos alumnos/as. - A elaboración/revisión do currículo de ciclo ou etapa, adecuándolo ás necesidades dos alumnos/as do centro. 	<p>Participar na elaboración/revisión do P.E.C.</p> <p>Elaboración de instrumentos para a detección de necesidades educativas, tratamento e seguimento.</p>	Asesorar e colaborar co profesorado na prevención de dificultades de desenvolvemento persoal e de aprendizaxe.



III.3. Demanda de intervención do departamento de orientación

1. A **solicitud** será feita polo titor/a ou a xefatura de estudos, empregando o modelo de Solicitud de Intervención do Departamento de Orientación (Protocolo VI.1). Cando outro/a profesor/a desexe a intervención fará a solicitude a través do/a titor/a do grupo.
 - 1.1. Os pais ou tutores legais do alumno serán informados polo titor/a da solicitude de intervención. A intervención directa co alumno estará supeditada á autorización por escrito dos pais/nais ou tutores legais.
 - 1.2. Os pais poderán solicitar a intervención a través do titor ou directamente. Cando a solicitude se realice de maneira directa, o orientador informará ó/á titor/a do/a alumno/a.
 - 1.3. Cando se propoña a un alumno como candidato para recibir medidas extraordinarias de atención á diversidade (ACI, PDC, apoio, PMAR, flexibilización), considerarase feita a demanda de intervención ó departamento para a realización da avaliación psicopedagóxica e o correspondente informe xustificativo.
- 2.0. Atenderanse as solicitudes de intervención aplicando os seguintes **criterios de prioridade:**
 - 2.1. Escolarización ou cambio na modalidade de escolarización.
 - Solicitud de praza de alumnado con necesidades educativas especiais.
 - Incorporación tardía ó centro.



- Incorporación ó Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento fóra do periodo ordinario de constitución do grupo.
 - 2.2.** Requerimentos da administración de carácter excepcional.
 - 2.3.** Alumnado proposto para recibir medidas extraordinarias de atención á diversidade.
 - 2.4.** Primeiras valoracións.
 - 2.5.** Seguimento, elaboración de informes de final de etapa.
- 3.** Unha vez recibida a demanda, o orientador reunirse coa persoa que a realiza e os outros profesionais implicados para analizar a folla de derivación e establecer as actuacións posteriores.
- 4.** A realización da avaliación psicopedagóxica é responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación. Na recollida de datos poderán participar, de ser necesario, o/a titor/a e os outros membros do equipo docente que traballa co/a alumno/a. No seu caso, recabarase a participación de servizos externos.
- 5.** As conclusións da avaliación recolleranse nun informe que será entregado ó/á titor/a e que se adxuntará ó expediente escolar.
- 5.0.** Os pais/nais ou titores legais serán informados dos resultados da avaliación e das medidas propostas

IV. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

IV.1. Internos

Corresponde á Comisión de Coordinación Pedagóxica establecer as directrices xerais para a elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade

A coordinación das medidas de atención á diversidade realizarse por medio de:

- As reunións do departamento de orientación
- As reunións de coordinación do orientador coas persoas que exerzan a titoría
- As reunións da comisión de coordinación pedagóxica
- As sesións de avaliación
- As reunións dos departamentos didácticos

IV.2. Co centro adscrito

A coordinación das medidas de atención á diversidade co centro adscrito realizarase mediante as reunións previstas no plan de orientación; en especial a través do previsto no programa de transición dos alumnos do CEIP Vicente Otero Valcárcel.

IV.3. Cos servizos externos

O orientador manterá as reunións que sexan precisas cos servizos sociais do concello.

Cando sexa necesario estableceranse relacións cos servizos que lles estean prestando atención ós alumnos con NEAE: saúde mental, servizos sanitarios, etc.

Para a derivación ós servizos de saúde mental infanto-xuvenil empregárase o protocolo VI.5 e o establecido no Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia.

IV.4. Cos pais, nais ou titores legais do alumnado

A colaboración da familia no proceso educativo dos seus fillos/as , os establecemos mediante os seguintes procedementos:

1.- Reunión dos titores/as ao principio de curso para informarlles dos seguintes aspectos de acordo co previsto no plan de acción tutorial:

- Funcionamento e organización da aula e do centro.
- Procedementos e criterios de avaliación.
- Horarios
- Profesorado...

2.- Entrevistas persoais dos titores/as coa familia do alumno/a, para informar dos resultados e marcha académica do seu fillo/a, ben a petición dos pais/nais ou a petición dos titores/as.

3.- Reunións do orientador cos pais/nais dos alumnos/as individuais.

IV.5. Adaptación ao suposto de ensino a distancia

Cando as condicións derivadas da pandemia da COVID-19 conleven a suspensión da actividade lectiva o orientador, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á diversidade e coordinará a atención ao alumnado con NEE e realizará as súas funcións empregando as ferramentas dixitais, a demanda dos pais ou titores.

V. AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Polo menos unha vez ó mes a reunión do departamento de orientación terá por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento das actividades do mesmo, así como establecer as medidas correctoras que sexan precisas. Igualmente, nas reunións

mensuais previstas cos titores/as, valorarase o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade. Os resultados e a información aportada nas sesións da avaliación, constituirán outra fonte de indicadores sobre a eficacia das medidas tomadas.

Despois das avaliacións do mes de xuño, á vista das actas e da información recollida, o departamento de orientación realizará unha memoria do plan xeral de atención á diversidade na que se realizará unha valoración do grao de consecución dos obxectivos e incluíranse as posibles propostas de mellora.

A memoria será redactada polo xefe do departamento de orientación e incluírase na memoria do departamento.

O comezo de cada curso o departamento de orientación elaborará a proposta de concreción do Plan que formará parte da programación xeral anual.

V.1. Criterios xerais de avaliación das actividades

1. Avaliarase o grao de consecución dos obxectivos marcados, atendendo tanto á eficacia con que o foron como á eficiencia.
2. A utilidade das actividades programadas, o nivel de aplicabilidade do programa.
3. A suficiencia das actividades: relacións entre as necesidades detectadas e priorizadas e o realizado.



VI. PROTOCOLOS



--

MEDIDAS ADOPTADAS CO ALUMNO/A E RESULTADO DAS MESMAS

--

OUTROS DATOS DE INTERESE

--

A familia foi informada desta solicitude de intevención SI NON



Carral, ___ de _____ de 20__

Asdo.:

VI.2. Autorización da avaliación psicopedagóxica

**AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA A REALIZACIÓN DA
 AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
 (Intervención do Departamento de Orientación)**

Alumno/a:

Data de nacemento: Nivel :

Titor/a:.....

Domicilio familiar:

Teléfono:

D./D^a

con DNI pai/nai ou titor legal (risque o que non proceda) deste/a alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica, tal como se recolle na Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19/12/1996), por parte do xefe do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación)

Carral de de 20.....



O /A pai/nai, ou titor legal

.....



VI.3. Solicitude da familia para a realización dunha avaliación psicopedagóxica

**SOLICITUDE DA FAMILIA PARA A REALIZACIÓN DA
 AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
 (Intervención do Departamento de Orientación)**

Alumno/a:

Data de nacemento: Nivel :

Titor/a:

Domicilio familiar:

Teléfono:

D./D^a

con DNI pai/nai ou titor legal (risque o que non proceda) deste/a alumno/a, SOLICITO a realización dunha avaliación psicopedagóxica, tal como se recolle na Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19/12/1996), por parte do xefe do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Carral de de 20.....

O /A pai/nai, ou titor legal

.....



VI.4. Autorización da familia das medidas de atención á diversidade

AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Alumno/a:

Data de nacemento: Nivel :

Titor/a:

Domicilio familiar:

Teléfono:

D./D^a

con DNI pai/nai ou titor legal (risque o que non proceda) deste/a alumno/a, fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención educativa oportunas conducentes ó seu mellor desenvolvemento académico. As ditas medidas son as que se indican a continuación:

Reforzo educativo

Agrupamento específico

Adaptación curricular

Apoio

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade destas medidas)

Carral de de 20.....

O /A pai/nai, ou titor legal

.....



VI.5. Protocolo de derivación ós servizos de saúde mental infanto-xuvenil

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN Á UNIDADE DE SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL

Informe educativo confidencial do alumno/a, que se entregará aos pais ou titores legais para a súa derivación ao médico pediatra e á Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil.

1. DATOS DO ALUMNO OU DA ALUMNA

Nome e apelidos:	Data de nacemento:
Teléfono de contacto:	
Centro escolar:	Nivel educativo:

2. MOTIVO DA DERIVACIÓN

3. SÍNTESE DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (xúntase informe)

4. INTERVENCIÓNS REALIZADAS (psicopedagóxicas, curriculares, organizativas, familiares, etc.)

5. COORDINACIÓN CON OUTROS SERVIZOS (E.O.E., Inspección Educativa, servizos socio-sanitarios, asociacións, ...)

5.1. Profesionais que participaron na intervención:

5.2. Acordos adoptados:

Ena de de 20....

Vº e Pr. do/a Director/a,

O/a titor/a,

O/a Orientador/a,

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.: